

CONCELLERÍA DE CULTURA.CONCELLO DE CULLEREDO “PRIMAVERA MÁXICA 2009”

O vindeiro venres día 20 de marzo terá lugar a primeira actuación do programa “Primavera Máxica 2009” no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas coa presentación do espectáculo “Ilusións Máxicas” a cargo do mago Xacobe Sanz.

O programa “Primavera Máxica 2009” traerá a Culleredo as actuacións de catro dos mellores magos de Galicia , así despois da actuación de Xacobe Sanz o **vindeiro venres 20 de marzo** teremos a presenza de o Mago Rafa co seu espectáculo “Momentos Máxicos” o día 27 de marzo. O 3 de abril o Martín Camiña traerá un espectáculo de misterio denominado “Feitizo”. Rematará o 17 de abril este programa coa actuación do grupo máxico “Symbiosis” integrado por dous magos moi xoves , Mago Dani e Mago Marttyn, nun espectáculo denominado “Maxia ao Cadrado”.

Dende hai moitos anos o Concello de Culleredo vén apostando polo mundo da maxia. O “Festival Internacional de Máxia” que se celebra en torno ao “Día da Familia” é un exemplo destacado deste apoio.Famosos magos como Luís de Matos, Juan Tamariz, Yunke, Jandro, Anthony Blake ou o Mago Antón, así como os máis destacados ilusionistas galegos, teñen asombrado a persoas de todas as idades ano tras ano, edición tras edición.

O mesmo acontece coas actuacións “máxicas” que se programan en “Culleredolandia de Nadal”, ou, incluídas na programación cultural habitual no Edificio de servizos Múltiples.

O nacemento , o pasado ano , da Asociación Profesional de Magos de Galicia, fixo que comezara una unha nova iniciativa que agora continúa , a Primavera Máxica (que complementa a programación teatral ou de títeres).

A primeira actuación desta “Primavera Máxica 2009” virá da man do **Mago Xacobe Sanz** no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo ás 19:30 horas co seu espectáculo “Ilusións Máxicas”.

Xacobe Sanz é o primeiro mago profesional de Santiago de Compostela, tendo realizado máis de 1000 actuacións durante dez anos na escea. Experiencia na televisión: - Pasarela de Estrelas (TVG, 1995). - Tardes con Ana (TVG, 1999). - Pase sin llamar (Localia TV, 2001). - Luar (TVG, 2003) - SuperMartes (TVG, 2003-2005). - Tarde de nenos (TVG, 2005). - Desde Galicia para el mundo (TVE Internacional, 2006). - Pequeno Gran Show (TVG, 2006-2007).

Como actor participa no serial Valderrei (Serial TVG, 2007) e cun papel de reparto na película Mentiras y Gordas, de Alfonso Albacete e David Menkes (Tornasol, Castafiore Films, 2009).

Durante 2008 visitou máis de 100 espazos diferentes entre os que cabe destacar o Teatro Fígaro - Adolfo Marsillach (xuño), a súa participación en "La Noche en Blanco" madrileña, a presentación do equipo do mundial de motociclismo Bancaja Aspar Team de 125 y 250 cc e actuacións nos festivais Nadal Máxico e Compostela Máxica, ademáis da presentación de diversas galas.

Ilusións máxicas combina toda a fantasía da maxia coa frescura da improvisación teatral. Un espectáculo humorístico de intriga, evasións, adiviñacións, revelacións e algunha que outra levitación no que a interacción co público resulta fundamental. A combinación das distintas ramas da maxia dá por resultado un espectáculo ideal para todos os públicos, ideal para o familiar.

O Mago Xacobe percorreu cos seus espectáculos gran parte do territorio nacional, cifrando en máis de 800 as súas actuacións, ás que hai que engadir múltiples aparicións televisivas (TVG, Localia, TVE 2, TVE Internacional) e participacións como actor en curtametraxes e serials.

O único espectáculo de maxia representado na "Noite en Blanco" de Madrid.

"Ilusións Máxicas" de Xacobe Sanz está dirixido para todos os públicos e a entrada ten un custo de 2,50 € para o público en xeral e de 1,25 € para estudantes, carné xove e maiores de 65 anos.

Culleredo 16 de marzo de 2009.

O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez

